

Resolución núm. 2019/5279

## RESOLUCIÓN

### *Nomeamento de don Andrew George McBeth como asesor da Presidencia*

Mediante resolución da Presidencia de data 17 de setembro de 2019 acordouse o cesamento de don Pablo Gavilán Álvarez como asesor da Presidencia, quedando, por conseguinte, vacante este posto, reservado a persoal eventual e adscrito ao Gabinete de Presidencia.

De conformidade co establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o nomeamento de persoal eventual é libre e corresponde á Presidencia.

Polo exposto, e previa a fiscalización favorable da Intervención provincial,  
**DISPOÑO:**

Nomear a don Andrew George McBeth para o posto de asesor de Presidencia, en réxime de persoal eventual, con efectos do 17 de setembro de 2019.

O presente nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electronicamente por  
34962672G JOSE MANUEL BALTAR (R:  
E3200000B)  
Presidente da Deputación de Ourense  
17/09/2019 - 14:17:49

Asinado electronicamente por  
FRANCISCO CACHARRO GOSENDE -  
33317954Q  
O Secretario Xeral  
17/09/2019 - 14:47:15